



## ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS NA CASA DO CONCELLO

### Artigo 1. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co previsto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das Facendas locais, este Concello establece A Taxa pola Celebración de Matrimonio Civil na Casa do Concello, que se regula pola presente Ordenanza segundo o disposto no artigo 58 da dita Lei 39/1988.

### Artigo 2. Feito Impoñible

1. O feito imponible desta taxa é a utilización da Casa do Concello para a celebración dos matrimonios civís e as actividades organizativas correspondentes realizadas polo persoal municipal.
2. No se inclúe nesta taxa a tramitación do expediente gubernativo previo ó matrimonio civil nin a posterior expedición do libro de familia.

### Artigo 3. Suxeitos pasivos

Os suxeitos pasivos desta taxa son os contraentes, que quedan obrigados de modo solidario o seu pagamento.

### Artigo 4. Exencións e bonificacións

Agás o disposto en normas de rango legal e tratados internacionais, non se admitirá, respecto desta taxa, ningunha exención ou bonificación.

### Artigo 5. Cota

As cantidades que se fixan por cada casamento son as seguintes:

- a) Para o caso de que un dos contraentes contase no padrón municipal de habitantes dende un ano antes, alomenos, á celebración : 85 euros.
- b) Nos demais casos : 120 euros.

## Artigo 6. Obriga de contribuír e ingreso

1. O dereito a percibir esta taxa e a obriga do seu pagamento nacen cando se presente a solicitude de casamento en local municipal habilitado para este fin, consonte o disposto no artigo 8º.
2. O ingreso da cantidade que proceda de acordo co antigo anterior realizarase na Tesourería municipal e deberá acreditarse no momento de presenta-la correspondente solicitude.
3. No suposto de que, con posterioridade a presentación da solicitude e antes da fixación da data da cerimonia, os solicitantes desistisen por escrito á celebración solicitada, procederase, de oficio, á devolución do 75 por cento da cantidade ingresada por tal concepto.

## Artigo 7. Infracción e sancións tributarias

En todo o relativo ás infraccións tributarias e á súa calificación, así como as sancións que procedan, aplicarase o disposto na Lei Xeral Tributaria.

## Artigo 8. Normas de xestión

1. Sen prexuízo da manifestación da vontade dos contraíntes - segundo a normativa do Rexistro Civil -, para que o enlace sexa autorizado polo Alcalde ou Concelleiro en que delegue, deberase formula-la solicitude a que se refire o artigo 6º.1 na que conste o nome, apelidos e D.N.I. de cada contraínte, así como o seu lugar de residencia.
2. Esta solicitude presentarase no Rexistro xeral do Concello mediante escrito asinado por un dos contraíntes, ou polo seu representante, dirixido o Alcalde e acompañado dos seguintes documentos:
  - No caso da letra a) do artigo 5º, a correspondente certificación do departamento municipal de estatística, e
  - En todo caso, o xustificante do ingreso da taxa.

	Acordo	Publicación
Aprobación inicial	Pleno 12.11.2001	BOP 04.12.2001